



# PLAN DIXITAL

## CEIP Plurilingüe de Toques

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Xustificación da elaboración do Plan Dixital.
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

**Nome:** CEIP PLURILINGÜE DE TOQUES

**Código do centro:** 15017314

**Enderezo:** Lugar Souto S/N

**Código postal:** 15806

**Concello:** Toques

**Provincia:** A Coruña

**Tlf:** 881960400 - 881960401 - 881960402

**Correo electrónico:** [ceip.toques@edu.xunta.es](mailto:ceip.toques@edu.xunta.es)

### Unidades escolares

	INFANTIL	PRIMARIA	TOTAL
Nº UNIDADES	1	2	3

Ao tratarse dun centro de 3 unidades catalogadas, o alumnado atópase agrupado do seguinte xeito:

Aula Infantil	4º, 5º e 6º Ed. Infantil
Aula Primaria	1º, 2º e 3º de Ed. Primaria
Aula Primaria	4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

Este curso escolar temos un desdobre no grupo mixto de Infantil, onde 4º de Infantil está nunha aula e 5º e 6º de Infantil esta en outra.

### Servizos complementarios

O alumnado fai uso dos servizos complementarios do centro do seguinte xeito:

TRANSPORTE	Alumnado transportado: 28
	Alumnado non transportado: 20
COMEDOR	Usuarios do comedor: 46
	Non empregan o servizo de comedor: 2

## Alumnado

O alumnado durante o presente curso escolar foi o seguinte, vendo un incremento considerable no número de alumnado en ambas etapas:

	Nº alumnado	TOTAL
4º Educación Infantil	10	20
5º Educación Infantil	5	
6º Educación Infantil	5	
1º Educación Primaria	6	28
2º Educación Primaria	4	
3º Educación Primaria	4	
4º Educación Primaria	6	
5º Educación Primaria	4	
6º Educación Primaria	4	

## Horario escolar:

Durante este curso escolar, e logo de ser aprobado o ano anterior, estableceuse a xornada única de mañá no centro. O alumnado que faga uso dos servizos complementarios permanecera no centro ata o remate dos mesmos. Asemade, entre o comedor e a saída do transporte escolar realizáronse no centro actividades extraescolares e a dinamización da biblioteca escolar.

9:45 – 10:35	1º sesión
10:35 – 11:25	2º sesión
11:25 – 12:15	3º sesión
12:15 – 12:45	Patios dinámicos – Tempo de lecer
12:45 – 13:05	Hora de ler
13:05 – 13:55	4º sesión
13:55 – 14:45	5º sesión
14:45 – 15:30	COMEDOR ESCOLAR
15:30 – 16:30	EXTRAESCOLARES E DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA ESCOLAR

## Profesorado

O número de profesorado e os compoñentes no claustro no noso centro é algo moi cambiante e está suxeito ás necesidades do mesmo. No momento da elaboración deste plan temos o seguinte número de profesorado:

Ed. Infantil : 2 mestras/es	Ed. Primaria (especialidades de lingua estranxeira, música e educación física): 3 mestres/as
Orientación: 1 mestra	Relixión Católica : 1 mestra
Apoio (AL)O PT: 1 mestra	

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe de Toques atópase situado no concello rural de Toques, pertencente á provincia de A Coruña enmarcado na comarca Terra de Melide. O concello ten unha extensión de 77,93 km<sup>2</sup> e está conformado por 10 parroquias, presentando deste xeito unha poboación moi dispersa. O centro dá cabida polo tanto a todo o alumnado pertencente as etapas de educación infantil e primaria da totalidade do concello. A realidade educativa do concello está conformada unicamente por este colexio de educación infantil e primaria. Non hai centro de estudos de educación secundaria, polo que o centro está adscrito ao "IES de Melide", no concello limítrofe de Melide.

É un concello de tradición gandeira, especialmente do sector vacún, e tamén do sector forestal. O centro responde a un entorno socio-económico e cultural fundamentalmente medio, no que predominan os proxenitores con estudos primarios e adicados a traballos do sector primario.

En canto ao acceso as tecnoloxías, a pesar de ser unha zona rural e por mor da xeografía da zona ter dificultades para a conectividade nalgúns casos, todo o alumnado ten acceso a unha conexión a internet.

A pesar disto, o seu uso da tecnoloxía redúcese na maioría dos casos, logo do análise dos datos recadados durante este curso escolar 2021-2022, a un uso lúdico (videoxogos e redes sociais).

Debemos por tanto facer fincapé no emprego e desenvolvemento de metodoloxías que integren o uso das TIC (tecnoloxías da información e comunicación), TAC (tecnoloxías da aprendizaxe e coñecemento) e TEP (tecnoloxías de empoderamento e participación) como un vehículo para acadar os obxectivos marcados no currículo e que poñan en valor as posibilidades formativas deste tipo de recursos xa que nos atopámonos nunha realidade na que o alumnado/comunidade educativa descoñece por completo o funcionamento/valor que ten o tratamento da información na rede, a domótica, robótica e programación, realidade virtual ou aumentada ou edición dixital entre moitas outras, para o proceso de ensinanza-aprendizaxe e para o desenvolvemento das competencias

clave no alumnado, así como para o seu desenvolvemento persoal e profesional no presente e futuro.

Así mesmo debemos ter en conta a gran diversidade coa que, cada día máis, nos atopamos nas aulas, debendo dar resposta a múltiples situacións, especialmente no caso do alumnado NEAE, polo que a introdución de recursos tecnolóxicos na aula como vehículo de acceso e tratamento á información terá un impacto moi positivo no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, na práctica docente e no desenvolvemento das competencias do alumnado.

Todo isto pretendemos desenvolver con este Plan Dixital o vindeiro curso escolar 2022-2023, plan elaborado no eido da Estratexia Dixital de Galicia 2030, e seguintes cursos, promovendo o emprego dunha metodoloxía na que as TIC, TAC e TEP sexan un vehículo para adquirir os contidos traballados na aula, para o desenvolvemento das competencias do alumnado e para fomentar a súa participación e autonomía durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Este plan estará vinculado aos seguintes proxectos do centro:

- Contratos-programa e Plan Proxecta: ferramenta para a consecución dos obxectivos dos proxectos de innovación educativa levados a cabo no centro.
- PLAMBE: desenvolvemento dun proxecto documental integrado (PDI) no centro.
- Proxectos de aula: desenvolvemento do plan dixital nos proxectos de aula relacionados co PDI do centro.
- EDIXGAL

Así mesmo no centro estamos a promover un traballo baseado no ABP (aprendizaxe baseado en proxectos) polo que este plan será un dos principais vehículos para a implantación e desenvolvemento desta metodoloxía por parte do profesorado titor e especialista, contemplada no noso PEC (actualizado este presente curso escolar) e que tamén formará parte da programación xeral anual do vindeiro curso escolar.

### 1.3. Xustificación da elaboración do Plan Dixital.

A continuación facemos unha breve contextualización do noso plan en relación á normativa vixente na actualidade:

Durante o curso escolar 2021-2022 e segundo dita a *disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022* os centros docentes debemos elaborar un Plan Dixital para o centro educativo para ser desenvolto en cursos posteriores.

Este plan foi elaborado segundo as indicacións da *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, para ser implantado e desenvolto por primeira vez no curso 2022-2023.

Para a elaboración deste plan, e segundo a *LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, atendendo ao Art. 111 bis e Art. 121, identificamos os sistemas básicos de información empregados para a xestión académica e administrativa así como para o soporte do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Toda a información, obxectivos e medidas recollidas neste plan van encamiñadas a potenciar e facilitar o aproveitamento dos recursos existentes no centro, así como para detectar novas necesidades, para unha mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, atención ás necesidades educativas existentes ou posibles do centro e do desenvolvemento e seguimento da actividade educativa e administrativa.

Continuaremos a potenciar o emprego de entornas virtuais de aprendizaxe proporcionados pola Consellería de educación (EVA-EDIXGAL e Aula Virtual MOODLE) e o emprego de recursos TIC, TAC e TEP para a aplicación dunha metodoloxía ABP (aprendizaxe baseado en proxectos) por parte do profesorado participante no PDI do centro educativo así como a consecución dos obxectivos recollidos no Proxecto educativo do centro (PEC) por parte de toda a comunidade educativa. .

Finalmente, segundo recolle o Art. 132 da *LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, a dirección do centro velará pola correcta implantación e desenvolvemento deste plan dixital, promovendo innovacións pedagóxicas, novas formas de organización e facendo chegar á Administración educativa todas as necesidades e plantexamentos da comunidade educativa. Así mesmo velará porque este plan dixital forme parte da planificación e organización do centro e que así se recolla nos respectivos documentos de centro.

## 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste proxecto tivéronse en conta os seguintes principios:

- A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías da información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Para comezar debiamos conformar o equipo de dinamización do Plan Dixital, conformado pola persoa titular da dirección do centro e outro mestre/a que exercería de coordinador do plan. No caso do noso centro, ao tratarse dun centro de 3 unidades, as funcións correspondentes ao equipo de dinamización do Plan Dixital recaeron sobre a dirección do centro educativo.

As funcións a levar a cabo foron as de colaborar, coordinar e asesorar aos membros da comunidade educativa no desenvolvemento da autoavaliación da ferramenta SELFIE e no deseño e redacción do Plan Dixital, así como avaliar todo o proceso e a posterior dinamización e transformación dixital do centro en colaboración cos mestres/as participantes.

Para deseñar con éxito a elaboración do plan dixital desenvolvemos no centro un PFPP (Plan de formación permanente do profesorado), coordinado polo coordinador do Plan Dixital, na que incluimos unha liña de traballo sobre o Plan Dixital do centro (PDC) na que participou a totalidade do profesorado para a formación, aportación de ideas e necesidades e deseño do plan dixital.

En primeiro lugar realizamos unha análise da situación inicial do centro. Para isto empregamos a ferramenta de diagnose SELFIE, para valorar a competencia dixital media do centro e o Test de Competencia Dixital Docente (CDD) que permitiu ter un informe individual do nivel competencial de cada mestre/a.

A partir de aquí, e coa información recadada, realizamos unha análise DAFO para seleccionar as liñas fundamentais do noso Plan Dixital.

Unha vez sinaladas as liñas de actuación, coa colaboración da totalidade do profesorado do centro e dos informes realizados, marcámonos uns obxectivos smart e actuacións concretas para a consecución de ditos obxectivos que forman parte do Plan de Acción deste plan dixital e que serán desenvoltas durante o curso 2022-2023.



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Infraestruturas dixitais do centro

En canto á conectividade do centro, formamos parte da rede do proxecto “Escolas Conectadas” levado a cabo nos centros educativos entre os anos 2016 e 2017.

Actualmente contamos coa dotación dunha rede WIFI accesible en todo o centro educativo, cunha calidade media (dado que presenta lentitude na subida e baixada de datos e interrupcións ocasionalmente) así como conexións cableadas en 3 aulas das 4 principais de docencia directa co alumnado, así como nos espazos administrativos.

Durante este curso escolar estivéronse a realizar melloras na rede do centro mediante a instalación de unha conexión ultrarrápida integrado no Plan de Banda Larga, polo que o no curso 2022-2023 contaremos cunha rede wifi mellorada e máis rápida.

#### Equipamento dispoñible

- **Aulas dixitalizadas:** contamos con 4 aulas dixitalizadas, que son adicadas a desenvolver a docencia diaria co alumnado.
- **Proxecto EDIXGAL:** o noso centro está a desenvolver este proxecto dende o curso 2020-2021 polo que grazas ao mesmo o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria (ao tratarse dun grupo mixto) conta coa dotación dos portátiles, así como o profesorado participante no programa.
- **Equipos administrativos:** no centro contamos con 3 ordenadores de sobremesa para a xestión administrativa e para o emprego por parte do profesorado na sala do profesorado.
- **Biblioteca escolar:** dende o curso 2020-2021 estamos a desenvolver o programa de mellora das bibliotecas escolares (PLAMBE) polo que na biblioteca estamos a mellorar a dotación tecnolóxica existente. Actualmente contamos con un portátil para a xestión administrativa e préstamos, 4 tablets para uso por parte do alumnado e cascos para facer emprego da fonoteca.
- **Aula de informática:** actualmente contamos con unha aula de informática que está previsto se disolva o vindeiro curso escolar e se dote á aula de 1º, 2º e 3º de primaria co equipamento para uso diario do alumnado. Tamén está prevista unha renovación de equipamento xa que os ordenadores existentes non cumpren os requisitos de sistema precisos para traballar correctamente co alumnado, presentando lentitude, incompatibilidade con certos programas, apagados intermitentes...
- **Outros recursos:** no centro contamos con pequenos recursos para a realización de diferentes actividades de gamificación como pode ser un pequeno robot, , tablets, pezas magnéticas, kit de experimentos sinxelo e recursos de realidade aumentada.

## Servizos dixitais educativos

- **Páxina web do centro:** a páxina web do centro ten un importante valor de difusión, tanto para por en valía as actividades lectivas, complementarias e extraescolares realizadas polo alumnado como para a difusión á comunidade educativa de información administrativa e novas de interese.
- **Aula Virtual MOODLE:** no centro contamos coa aula virtual que cumpre a función de lugar de almacenamento de contidos e recursos para o profesorado, ferramenta de teledocencia naqueles casos que sexa preciso por mor da pandemia ou outro tipo de situación na que o alumnado non poida asistir presencialmente e como ferramenta para a docencia mediante o emprego de actividades elaboradas polo profesorado.
- **EDIXGAL:** o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria fai emprego do entorno virtual de aprendizaxe do proxecto EDIXGAL, empregando as ferramentas e recursos dixitais web e daqueles dos que dispoñen grazas ao proxecto.
- **Abalar Móbil e correo corporativo:** actualmente a comunicación principal coas familias está a realizarse por Abalar móbil, e, no seu defecto por correo electrónico. A totalidade das familias na actualidade conta con este sistema de comunicación mediante o que se avisa de novas, incidencias, reunións, publicacións importantes na web e/ou mensaxes privados cos responsables do alumnado.

## Xestión do mantemento do equipamento do centro

O/A responsable do mantemento do equipamento do centro é o/a responsable TIC e o equipo directivo.

É responsabilidade de toda a comunidade educativa o bo uso e coidado no emprego dos recursos educativos do centro, así como avisar de calquera incidencia que poida haber. Nese caso, debe ser comunicada ao/a coordinador/a TIC ou ao equipo directivo para a súa posta en coñecemento á UAC.

Ante calquera incidencia ou avaría a UAC será o lugar a onde acudiremos para solucionar calquera problema que teñamos co hardware, conexión ou dificultade para o manexo de algún aplicativo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE: resumo na seguinte táboa das áreas do informe SELFIE.**

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4,2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,8				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,7				

- **Test CDD:** Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no Test CDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	78,4	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	97,7	Experto (B2)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	2	40%
B1	2	40%
B2	-	-
C1	1	10%
C2	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>100,00%</b>

**Outras fontes:** Na elaboración da análise DAFO tamén tivemos en conta aportacións realizadas no seo do PFP que se estaba a desenvolver no centro, as enquisas realizadas ao alumnado de 5º e 6º de primaria para tal fin e a documentación de centro como o Proxecto Educativo e a Programación Xeral anual, especialmente baseandonos nos obxectivos a acadar marcados, valorando cales continuamos a ter problemas para desenvolver, ou poden ser mellorados, e poden ser acadados grazas ao desenvolvemento deste plan.

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2 Dispositivos dixitais para o ensino: o profesorado conta con dispositivos actualizados grazas ao programa EDIXGAL.	C10 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe: os dispositivos existentes nos centros están na súa maioría en mal estado e/ou antigos. C5. Asistencia técnica: o servizo ofertado a veces retardase ou debe ser realizado polo profesorado telefonicamente, o que impide o uso efectivo en ocasións dos equipos do centro.	C14. Espazos físicos: no centro contamos con aulas amplas e espazos que podemos empregar.	Incompatibilidade que presenta o sistema operativo ofertado pola consellería nos centro con diferentes programas e aplicacións (programa para a catalogación de libros de texto que precisa WINDOWS, ferramentas das editoriais e apps para instalar...)
	PERSOAL DOCENTE		C7 Protección de datos: falta formación no profesorado sobre protección de datos e REA. - Falta de formación do profesorado na aplicación didáctica das TIC. - Falta de formación na aplicación das TIC co alumnado NEAE ou NEE. G9 OP: Documentación do aprendizaxe.	D3. Intercambio de experiencias: boas prácticas docentes e colaboración do claustro.	- Tempo para explorar o ensino dixital: falta de tempo en horario escolar debido á carga lectiva e de funcións do profesorado. Carga burocrática. - Dependere da existencia de profesorado especialmente interesado debido aos cambios cada curso escolar no claustro. - Disminución do número de profesorado na plantilla o que dificulta a atención.

	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>				
	<b>ALUMNADO</b>		- Falta de coñecemento sobre novos métodos de avaliación e documentación do proceso.	F4. Inclusión do alumnado. F5. Colaboración do alumnado. Competencias dixitais do alumnado.	C11 OP: Fenda dixital: apoio para abordar as dificultades
	<b>FAMILIAS</b>	Comunicación coa comunidade educativa: emprego de Abalar e correo como vehículo principal de comunicación.			C11 OP: Fenda dixital: apoio para abordar as dificultades
	<b>OFERTA</b>	EDIXGAL PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA ABP (Aprendizaxe baseado en proxectos)		Recursos educativos en liña. Creación dos propios recursos para a docencia. PDI (proxecto documental integrado).	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Abalar Móbil Páxina web Centro con unha boa ratio de alumnado o que permite o traballo mais personalizado.		Emprego de entornas virtuais de aprendizaxe. Aula virtual do centro.	- Equipo directivo: Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro. Carga burocrática e de funcións.

		<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>	
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		- Necesidade de mellora das funcións e capacidade dos correos corporativos e creación de ferramentas que simplifiquen o traballo burocrático.	A oferta de proxectos de innovación educativa como poden ser Polos Creativos, Contratos Programa, Robótica ou Plan Proxecta entre outros.		
	<b>LEXISLACIÓN</b>			- Unha aumento da presenza das TIC e da importancia do seu uso dentro da lexislación		
	<b>CONTORNA</b>				A zona na que nos atopamos dificulta o acceso a unha boa conexión de rede en determinados momentos.	
	<b>ANPA</b>	A implicación da actual ANPA fai posible a dinamización e participación da comunidade educativa nas iniciativas do centro.				
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>			O traballo con asociacións e empresas adicadas a traballar coas TIC e que poden realizar obradoiros ou actividades no centro educativo, así como para a formación do profesorado.		

### 3. Plan de Acción

- Coñecer e valorar a importancia dos Dereitos de Autor e Licenzas de uso na creación de contidos para a aula e para o centro por parte do profesorado e equipo directivo.
- Desenvolver as competencias clave do alumnado mediante un proxecto interdisciplinar con un núcleo fixo de interese sobre o que organizar e desenvolver as áreas de aprendizaxe do currículo empregando as TIC como vehículo para o acceso e tratamento da información e para a avaliación mediante o desenvolvemento de instrumentos de avaliación.
- Aumentar o acceso do alumnado aos diferentes dispositivos dixitais do centro para enriquecer o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a súa competencia dixital.
- Favorecer a inclusión e o desenvolvemento das competencias clave do alumnado NEAE.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

- *Ver táboas a continuación.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a redacción deste apartado tivemos en conta as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

##### Necesidades de mellora da infraestrutura dixital

Por infraestrutura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento da súa labor.

- **Infraestrutura de datos (conectividade a internet):** precisamos unha velocidade de datos e calidade da conexión maior para evitar cortes, interrupcións e unha mellor carga e descarga dos recursos para traballar na aula evitando momentos de espera e tendo unha maior fluidez no emprego da rede por parte do alumnado o que mellora a súa comprensión e guía no proceso de aprendizaxe.

- **Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede:** precisamos de igual xeito unha boa rede wifi, que alcance coa mesma velocidade en calquera recanto do centro así como aumentar o número de conexións cableadas para o vindeiro curso escolar 2022-2023 na biblioteca escolar e nos espazos para a xestión administrativa por parte do profesorado para garantir unha mellor conexión durante a realización destas tarefas.

*Para abordar estas melloras, así como as que vaian xurdindo ao longo do curso escolar, será preciso enviar unha solicitude a través da Unidade de Atención a Centros (UAC) que será avaliada polo departamento técnico responsable.*

##### Equipamento

**Aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción:** Precisamos a dotación de aulas dixitalizadas tamén para as aulas de especialidades

como inglés/plástica e música, que repercutirían nunha mellora da calidade docente nestas áreas debido a que actualmente non contamos con equipos de pizarra interactiva e proxector nestas aulas e son ferramentas esenciais para unha boa adquisición dos contidos e desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

**BIBLIOTECA ESCOLAR (PLAMBE):** precisamos un ordenador de sobremesa compatible coa instalación do programa da consellería para a xestión de catálogo de libros, como consulta...

**Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos:** precisamos un novo ordenador de sobremesa debido a que soamente contamos cos equipos portátiles das aulas para este traballo, non existindo ningún ordenador para o profesorado e tendo que facer uso dos ordenadores de sobremesa para a administración (dirección e orientación).

**Equipos ultraportátiles para aula móbil:** precisamos a renovación de portátiles existentes debido a que son antigos así como a dotación de novas unidades para as necesidades do alumnado de 1º a 3º de primaria que actualmente soamente contan con 2 portátiles operativos.

### Servizos dixitais educativos

**Correo electrónico:** precisamos unha maior capacidade de envío de documentos de gran peso para posibilitar o envío e chegada de documentos.

**Abalar Móbil:** precisamos unha mellora neste recurso tan importante para a comunicación coas familias permitindo máis funcións para a comunicación das familias co profesorado así como unha forma de acceso/aviso ao profesorado mais fluída (similiar á que teñen as familias, posibilidade de tela nos dispositivos móbiles do profesorado...).

**Catálogo EXIGAL:** é interesante para promover pedagogías máis inclusivas e cooperativas que se comece a incorporar proxectos para traballar na aula, que recollan os contidos do currículo, e que permitan e axuden e sirvan de orientación ao profesorado para traballar deste xeito. Tamén é positivo o aumento de recursos de gamificación para traballar co alumnado para unha mellora na adquisición dos contidos.

## OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS

Área/s de mellora: CONTENIDO E CURRÍCULO			
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Coñecer e valorar a importancia dos Dereitos de Autor e Licenzas de uso na creación de contidos para a aula e para o centro.		<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinadora do Plan Dixital e coordinadora TIC.		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	O 100% do claustro coñece, emprega e valora a importancia dos Dereitos de Autor, das Licenzas de uso e prioriza sempre que sexa posible o uso de Software Libre.		
<b>Valor de partida:</b>	O 25% do claustro ten coñecementos e aplica na súa práctica docente medidas sobre Dereitos de autor e Licenzas de uso.		
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75€ restante do claustro valora coñece a importancia dos Dereitos de autor e aplica medidas na súa docencia diaria.	3º TRIMESTRE CURSO 2022-2023	



ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO	
AO1.1: Charla sobre Dereitos de autor, Licenzas Creative Commons, Software libre e recursos Educativos Abertos REA.	Coordinadora do PFPP relacionado co Plan Dixital.	1º TRIMESTRE OUTUBRO- NOVEMBRO	Relator/a. Espazo no centro dotado de TIC para a realización da reunión. Infografías para a recollida de información.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Obradoiro "elaboramos os nosos propios recursos educativos" para o profesorado.	Coordinadora do PFPP relacionado co Plan Dixital	1º TRIMESTRE NOVEMBRO- DECEMBRO	Logo da actuación nº1, realizar de xeito presencial un obradoiro para elaborar algún recurso educativo do interese do profesorado respectando os Dereitos de Autor.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Recollida de fichas e/ou materiais onde se evidencia o tratamento dos Dereitos de autor.	Coordinadora do Plan Dixital.	3º TRIMESTRE MAIO-XUÑO	Aula Virtual do centro: no curso e espazo habilitado para a recollida de información habilitarase unha tarefa para cargar un pdf no que se recollan as fichas e/ou fotos de recursos elaborados por cada mestre. Mínimo de 5 actividades por mestre/a.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN - PRÁCTICAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE			
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Desenvolver as competencias clave do alumnado mediante un proxecto interdisciplinar con un núcleo fixo de interese sobre o desenvolvemento sostible sobre o que organizar e desenvolver as áreas de aprendizaxe do currículo empregando as TIC como vehículo para o acceso e tratamento da información e para a avaliación mediante o desenvolvemento de instrumentos de avaliación.		Acadado
<b>Responsable:</b>	Claustro. Equipo de biblioteca. Coordinadora TIC.		Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mellora do 25% do alumnado nas cualificacións en áreas de competencias en ciencias, tecnolóxicas e matemáticas e lingüísticas.</li> <li>Número de rúbricas creadas.</li> </ul>		
<b>Valor de partida:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O 45% do alumnado ten dificultades ou unha competencia medio-baixa en competencias de ciencias, tecnolóxicas, matemáticas e/ou lingüísticas.</li> <li>Ningunha rubrica creada.</li> </ul>		
<b>Valor previsto e data:</b>	<p><b><u>CURSO 2022-2023:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O 25% do alumnado mellora as súas cualificacións finais en áreas de ciencias, tecnolóxicas, matemáticas e/ou lingüísticas.</li> <li>10 rubricas creadas.</li> </ul> <p><b><u>CURSO 2023-2024:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O 40% do alumnado mellora as súas cualificacións finais en áreas de ciencias, tecnolóxicas, matemáticas ou lingüísticas.</li> <li>Redución do número de incidencias arquivadas.</li> <li>20 rúbricas creadas.</li> </ul>	3º TRIMESTRE CURSO 22-23 E CURSO 23-24	

ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1.: Charlas / Ponencias de boas prácticas para o profesorado para coñecer novas metodoloxías para o traballo por proxectos e o uso das TIC.	Profesorado. Coordinadora Plan Dixital. Equipo directivo	1º TRIMESTRE NOVEMBRO- DECEMBRO	Desenvolvemento dun PFPP para a formación en proxectos interdisciplinares.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: OBRADOIRO creación de rúbricas para a avaliación no traballo por proxectos.	Profesorado. Coordinador do Plan Dixital.	1º TRIMESTRE NOVEMBRO- DECEMBRO	Relator. Espazo para o obradoiro. Ferramentas para a creación de rúbricas.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Creación e recollida dun produto/s final para o proxecto/s que incorpore ferramentas TIC ou foran empregadas no proceso. Recollida de rubricas de avaliación elaboradas.	Profesorado. Equipo de biblioteca.	3º TRIMESTRE MAIO-XUÑO	EQUIPAMENTO TIC. MATERIAL FUNXIBLE. APLICACIÓNS E SOFTWARE PARA A ELABORACIÓN DO PRODUTO/RÚBRICAS.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA			
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Aumentar o acceso do alumnado a diferentes dispositivos dixitais para enriquecer o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a súa competencia dixital.		Acadado
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo. Coordinadora TIC.		Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Modificacións realizadas na aula de informática e distribución dos recursos.</li> <li>• Actividades realizadas empregando a realidade virtual e a realidade aumentada para o traballo na aula.</li> <li>• Produto final proxecto HORTO ESCOLAR.</li> </ul>		
<b>Valor de partida:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Temos unha aula de informática que reúne todos os ordenadores do centro en as aulas so existe o portátil para a pizarra interactiva.</li> <li>• Ningunha actividade realizada con realidade virtual nin realidade aumentada.</li> <li>• Ningunha actividade feita coas TIC no horto escolar.</li> </ul>		
<b>Valor previsto e data:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Disolución da aula de informática e mínimo de 3 ordenadores en cada aula para o alumnado.</li> <li>• 3 actividades realizadas con realidade virtual e/ou realidade aumentada.</li> <li>• 3 actividades feita coas TIC relacionadas co horto escolar e co coidado do medioambiente.</li> </ul>	3º TRIMESTRE CURSO 2022-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO	
AO3.1: Disolver a aula de informática para levar os dispositivos ás aulas.	Coordinadora TIC e do Plan Dixital.	1º TRIMESTRE OUTUBRO- NOVEMBRO	Reorganización do espazo nas aulas para a creación de recantos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Introducir a realidade virtual e realidade aumentada na actividade de aula e no traballo por proxectos.	Titores. Profesorado especialista. Coordinadora TIC.	2º TRIMESTRE XANEIRO	Gafas de realidade virtual. Aplicativos relacionados coa temática do proxecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Introducción á programación con SCRATCH para desenvolver un proxecto medioambiental no HORTO ESCOLAR e vinculación das TIC e o coidado do medioambiente. .	Coordinadora TIC. Mestra Ciencias Naturais.	3º TRIMESTRE MARZO-ABRIL.	Dispositivos de medición de humidade e temperatura. Ordenadores. Scratch.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PRÁCTICAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Favorecer a inclusión e desenvolvemento das competencias clave do alumnado NEAE.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Claustro. Equipo Orientación. Coordinadora TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Empregar as TIC para favorecer o traballo co alumnado NEAE.					
<b>Valor de partida:</b>	Non empregamos as TIC co alumnado con necesidades educativas.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Nº de actuacións levadas a cabo coas TIC para compensar as necesidades educativas e de aprendizaxe do alumnado.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Adquisición de tablets para o traballo con apps educativas para alumnado NEAE.</b>	Equipo Orientación. Profesorado.	3º TRIMESTRE MAIO - XUÑO	PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA PARA TAL FIN.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2:Charla/Formación para o profesorado sobre o uso das TIC na atención á diversidade na aula.</b>	Claustro. Equipo directivo.	1º TRIMESTRE NOVEMBRO- DECEMBRO	Relator/a. Desenvolvemento dun PFPP para a formación en atención á diversidade empregando as TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- **Avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final** realizarase unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

Para a difusión deste plan dixital e posta en coñecemento de toda a comunidade educativa realizaremos as seguintes accións:

- Presentación do plan á totalidade do claustro e consello escolar.
- Publicación do plan na páxina web do centro.
- Notificación por Abalar as familias da creación e importancia do plan.
- Presentación do plan a comezos do curso escolar 2022-23 ao novo profesorado de habelo, alumnado e familias.
- Incorporar do plan aos documentos de centro pertinentes.

### ANEXOS

#### A) MARCO EUROPEO PARA ORGANIZACIÓNS EDUCATIVAS DIXITALMENTE COMPETENTES.

